
OFERTA DE EMPREGO

EAPN GALICIA. REDE EUROPEA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL

Responsable Programa Integral inserción sociolaboral de persoas vulnerables

DESCRIPCIÓN DO POSTO

En dependencia da Dirección da entidade coordinará e responsabilizarase do Programa Integrado para o fomento da empregabilidade de persoas en situación ou risco de pobreza ou exclusión social no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, así como da elaboración e impulso das propostas de incidencia política en materia de emprego de EAPN Galicia.

FUNCIÓNS

- Coordinación do Programa Integrado para o fomento da empregabilidade xunto ás entidades membro implicadas.
- Elaboración, seguimento e xustificación documental de indicadores técnicos e económicos de todas as actividades e fases do programa que aseguren a empregabilidade efectiva das persoas beneficiarias do mesmo.
- Elaboración de informes e memorias xustificativas do programa que certifiquen ante as administracións implicadas (en especial Consellería de Emprego e Igualdade) o cumprimento das obrigas establecidas, actividades realizadas e resultados obtidos.
- Identificación de boas prácticas a partir das actuacións desenvolvidas no programa e que permitan a EAPN Galicia, presentando propostas de mellora e demandas para as políticas de inserción sociolaboral e elaborando manual específico ao final do programa.
- Informar e formar as entidades membro sobre normativa e iniciativas de interese en materia de inserción sociolaboral, facilitando a xeración de propostas que melloren a actuación da administración pública e das organizacións do Terceiro Sector.
- Investigación e difusión de ferramentas que impliquen o fortalecemento e mellora de resultados da rede e das súas entidades membro.
- Coordinación con outros profesionais e recursos, tanto das entidades membro de EAPN Galicia como das administracións públicas implicadas ou con EAPN España e EAPN Europa.

REQUISITOS

- Experiencia en coordinación ou xestión de programas de inserción sociolaboral e acceso ao emprego, en especial nos impulsados dende a Xunta de Galicia como Plans Integrados de Emprego.
- Experiencia en intervención con persoas en risco ou situación de pobreza ou exclusión social, en especial dende entidades do Terceiro Sector Social.
- Titulación universitaria do eido social e/ou de xestión de recursos humanos.

- Coñecemento da normativa e dos recursos sociais e de acceso ao emprego existentes
- Coñecemento dos idiomas galego e castelán falado e escritos. Valorarase o coñecemento de inglés.
- Valorarase experiencia previa de voluntariado, especialmente no eido social
- Valorarase carné de conducir e vehículo propio, así como dispoñibilidade para viaxar.

COMPETENCIAS

- Orientación para o traballo en equipo, por obxectivos e resultado.
- Alta capacidade de organización, resiliencia e resposta en prazos axustados
- Flexibilidade, empatía e capacidade de adaptación ás necesidades da base social ou das administracións públicas.
- Dinamismo e pro-actividade na resolución de problemas.
- Boas habilidades de comunicación oral e escrita.
- Identificación cos valores e misión da EAPN Galicia

DATOS BÁSICOS DA CONTRATACIÓN

- Contrato ata decembro de 2023. Xornada Completa
- Salario según Convenio Intervención e Acción Social. Grupo 1
- Lugar de traballo: Santiago de Compostela
- Incorporación inmediata

CONCURRENCIA

Envío ao enderezo electrónico info@eapn-galicia.com, ata o 4 de abril de 2022 (incluído), co asunto “Selección programa emprego + NOME E APELIDOS”, e adxuntando **CV actualizado** e unha **carta de motivación que inclúa 3/4 propostas xustificadas** para a mellora das políticas de inserción sociolaboral das persoas en pobreza ou exclusión social en Galicia (máximo 2 páxinas).